




XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE



Xacobeo 21-22

MEMORIA 2021



rede de
bibliotecas
públicas de
galicia



INDICE

1. O Directorio de bibliotecas públicas de Galicia.....	3
2. A Rede de Bibliotecas de Galicia	4
3. Estatísticas de bibliotecas	5
4. Promoción do libro e da lectura	7
5. Mellora das coleccións bibliográficas.....	13
6. GaliciaLe. Plataforma de préstamo en liña	19
7. Adecuación de infraestruturas e equipamentos.....	23
8. Informatización	25
9. Formación.....	25
10. III Xornada de bibliotecas públicas.....	28
11. Premio á Innovación Bibliotecaria de Galicia.....	31
12. Outras actuacións. Calendario do libro e a lectura	34
13. A Rede de Bibliotecas públicas de Galicia e o Covid19.....	40



1. O Directorio de bibliotecas públicas de Galicia

O directorio proporciona información acerca dos servizos bibliotecarios de Galicia encadrados nesta categoría de biblioteca pública. Está accesible a calquera persoa interesada a través da web da Rede, no enderezo: <https://rbgalicia.xunta.gal/gl/rede/directorio-mapa>.

Nel recóllense os datos básicos de localización, titularidade, órgano xestor, vinculación á rede e datos de contacto.

Biblioteca Pública Municipal Rego da Balsa

DATOS IDENTIFICATIVOS

Rúa Bos Aires, s/n
Carballo
15100
A Coruña > Carballo
981 758 580
biblioteca@carballo.gal
Acceso ao catálogo

DATOS ADMINISTRATIVOS

NIDEN: 1500134-12533
Titularidade: Pública
Institución titular: Concello de Carballo
Organismo xestor: Concello de Carballo
Tipoloxía: Biblioteca Pública
Acceso: Público
Estado: Aberta
Situación administrativa: Rexistrada e integrada

O directorio actualízase anualmente, cos datos recollidos na estatística de bibliotecas públicas, e ademais, puntualmente, en calquera momento no que se comunica a variación de datos.

No 2021 levouse a cabo o deseño dun novo directorio, con máis información e máis funcionalidades, xa que permite a consulta por varios campos: provincia, concello, tipoloxía da biblioteca (pública, especializada etc.), titularidade (pública ou privada), e nome da biblioteca. A lista de resultados poderase filtrar e a ficha de cada centro amosará datos identificativos e de carácter administrativo.



2021. Directorio de bibliotecas	
Abertas	329
Abertas sen servizo bibliotecario	28
Pechadas	100
Pechadas temporalmente	11

2. A Rede de Bibliotecas de Galicia



As persoas ou entidades titulares dun servizo bibliotecario, preexistente ou de nova creación, poden solicitar a súa integración na Rede de Bibliotecas de Galicia. Para poder acceder á integración na Rede de Bibliotecas de Galicia, unha biblioteca deberá estar previamente inscrita no Rexistro de Bibliotecas de Galicia.

A integración na Rede apróbase por Orde do Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade e formalízase mediante un convenio de colaboración.

Actuacións 2021

No 2021 integráronse na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia a Biblioteca Pública Municipal de Cenlle e a biblioteca da Agrupación Folclórica Queixumes dos Pinos.

Ademais, integráronse na Rede de Bibliotecas as seguintes bibliotecas especializadas:

- Biblioteca do Colexio Médico de Ourense
- Biblioteca da Fundación para o Fomento do Coñecemento da Construción Naval e das Actividades Marítimas (Exponav).
- Biblioteca da Fundación Granell.
- Biblioteca da Deputación Provincial de Ourense



Por outro lado, durante 2021 levouse a cabo a sinatura de 4 convenios que substitúen outros xa asinados, para a súa adaptación á Lei 40/2015, continuando así co proceso xa realizado na súa maior parte en 2020.




Ademais, prorrogáronse outros 9 convenios que acadaron os 4 anos de vixencia.

2021. Rede de Bibliotecas de Galicia	
Novas integracións	6
Renovación convenios	13
Concellos con convenio en vigor	204
Bibliotecas na rede	303

3. Estatística de bibliotecas

A Secretaría Xeral de Cultura, a través da Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro, elabora a estatística anual da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia a partir dos datos que proporciona cada un destes centros, segundo o establecido no artigo 25 da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.

Para a recollida de datos a Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro pon a disposición das bibliotecas públicas da rede un cuestionario estatístico realizado en coordinación coa Subdirección Xeral de Coordinación Bibliotecaria do Ministerio de Cultura y Deporte. O formulario é accesible vía web a través do portal da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.



O prazo para a cobertura da estatística correspondente ao 2020 estivo aberto desde o 21 de abril ata o 21 de maio.



Durante os meses de xuño a setembro levouse a cabo a depuración do cuestionario para comprobar a coherencia dos datos, tanto ao nivel interno como con respecto a anos anteriores. A estrutura do formulario permite facer un control da coherencia interna dos datos facilitados polos responsables das bibliotecas, xa que existen moitos campos interrelacionados.

Finalizada a depuración de datos, envíanse os datos a Alzira, programa estatístico do Ministerio de Cultura e Deporte, e publícanse na páxina web da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.

En 2021, o INE deixou de elaborar a estatística de bibliotecas, tarefa que foi recollida polo Ministerio de Cultura y Deporte. A Consellería de Cultura, Educación e Universidade pola súa parte asumiu o compromiso de recoller, revisar e subministrar a información correspondente ás bibliotecas públicas galegas que formará parte da Estadística de Bibliotecas a nivel estatal. Desta forma darase continuidade a unha serie de datos que se viñan recopilando ininterrompidamente desde 1957.

2021. Bibliotecas que cubriron a enquisa

Bibliotecas que cubriron a enquisa	299
Bibliotecas que non cubriron a enquisa	56

2021. Principais datos estatísticos

Colección total	6.990.441
Promedio doc/habitante	2,59
Documentos adquiridos	277.970
% de renovación da colección	3,98
Persoas usuarias	793.204
% da poboación inscrita	29,43%
Novos usuarios	67.070
Préstamos	1.242.520
Préstamos/usuario	1,57
Préstamos/habitante	0,46
Actividades realizadas	6.766
Visitantes	2.095.590
Promedio visitas/habitante	0,78



4. Promoción do libro e da lectura

4.1. Programa Ler Conta Moito



Ler Conta Moito é un programa de dinamización da lectura nas bibliotecas públicas da Rede de Bibliotecas de Galicia promovido pola Secretaría Xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, en colaboración coas entidades locais.

Catálogo de actividades

O programa conta cun catálogo de actividades realizadas por profesionais ou colectivos con experiencia neste ámbito, en diversas categorías: obradoiros creativos, narración oral, divulgación do coñecemento, audiovisual, actividades de dinamización con música, teatro e danza, exposicións ou itinerarios guiados, e dirixidos a todas as franxas de idade e tamén a públicos con necesidades especiais.

O Catálogo de actividades renóvase cada ano, a partir das propostas presentadas.

A convocatoria para que artistas e profesionais actualizasen o catálogo publicouse o 02.03.2021 na páxina web da Rede de bibliotecas públicas de Galicia, <http://rbgalicia.xunta.gal>, e estivo aberta ata o 11.03.2021.

Despois da comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria, configurouse un catálogo formado por 673 actividades dispoñibles, propostas por 342 artistas distintos.





En 2021 levouse a cabo unha completa renovación da interfaz pública do catálogo, actualizando a aparencia da web e mellorando a súa utilidade, de xeito que non só as bibliotecas que participan no programa, senón calquera persoa ou entidade interesada pode consultar a oferta de actividades dispoñibles así como a programación de actividades xa confirmadas, a través da web <https://rbgalicia.xunta.gal/rbgler/>

Convocatoria de subvencións

Paralelamente, os concellos titulares de bibliotecas públicas poden solicitar unha axuda económica para a realización de actividades de dinamización no marco deste programa, de xeito que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade financia o 75% do seu custo e o Concello achega o 25% restante.

A convocatoria de 2021 aprobouse mediante a Orde do 9 de marzo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento CT236A).

A dotación do programa foi de 195.000 €.

Programación de actividades

As bibliotecas públicas participantes realizaron un total de 722 actividades entre o 10.06.2021 e o 25.10.2021. O resultado da realización pode verse no blog <http://blogs.xunta.es/lercontamoito/>.





2021. Programa Ler Conta Moito	
Orzamento da convocatoria	195.000 €
Importe concedido	194.997,89 €
Importe xustificado	178.261,59 €
Importe da subvención (por biblioteca)	874,43 €
Concellos solicitantes	184 (228 bibliotecas)
Concellos beneficiarios	180 (223 bibliotecas)
<i>Beneficiarios A Coruña</i>	75
<i>Beneficiarios Lugo</i>	35
<i>Beneficiarios Ourense</i>	24
<i>Beneficiarios Pontevedra</i>	46
Concellos que xustificaron a subvención	179 (222 bibliotecas)
Profesionais no catálogo	342
Actividades no catálogo	643
Actividades realizadas	722
Participantes (estimado)	20.200

4.2. Programación cultural nas bibliotecas públicas xestionadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade

As bibliotecas programaron ao longo do ano numerosas actividades culturais para todas as idades e todos os públicos:

Actividades de animación á lectura para nenos

Co fin de achegar a biblioteca ao público infantil e promover a animación á lectura, desenvólvese un programa de actividades permanentes para os máis pequenos ao longo do ano: sesións de animación á lectura, contacontos, monicreques, teatro, maxia, encontros con autores ou ilustradores...





Visitas guiadas – Formación de usuarios

Teñen como obxectivo dar a coñecer o centro e os seus servizos, formando os usuarios para a súa utilización. Establecen relacións coa comunidade escolar, con colectivos ou asociacións de diverso tipo e captan novos usuarios.



Mostras bibliográficas e exposicións

As bibliotecas reúnen os documentos que tratan sobre un tema de actualidade, que conmemoran un feito ou promocionan e difunden os seus fondos para amosalos aos seus lectores. Tamén amosan todo tipo de exposicións, tanto de creación propia como producidas por outros organismos.





Cafés e conversas de idiomas

Dirixidos a aquelas persoas que están a aprender unha lingua estranxeira e queren practicar con outras que están na mesma situación, falando dun modo libre e informal, sen profesores nin obrigas. É un encontro libre entre xente cun interese común: practicar unha lingua estranxeira.



Clubs de lectura

Esta actividade ven desenvolvéndose nas bibliotecas públicas de xestión autonómica dende hai anos. Con motivo da celebración no 2010 do Ano da Lectura, impulsamos a ampliación desta actividade que consideramos central dentro dos obxectivos da animación á lectura nas bibliotecas públicas. Ao longo do ano realízanse clubs de lectura para adultos, mozos e nenos en diversidade de idiomas: castelán, galego, inglés, francés, portugués, etc. e de tipos de obras como banda deseñada, narrativa, poesía, lectura fácil, etc.

Formación

Actividades que pretenden axudar ás persoas participantes a completar a súa formación ao longo de toda a vida, en diferentes campos: idiomas, ofimática e navegación por internet, filosofía, obradoiros de debuxo ou literatura... Dirixidos a público infantil, adulto e tamén para persoas maiores que queren manterse activas exercitando a lectura e a memoria.

Certames literarios, de debuxo, banda deseñada, fotografía...

As bibliotecas convocan anualmente diversos certames de narración, poesía e debuxo, dirixidos principalmente a público infantil, para conmemorar datas como o Nadal, Letras Galegas ou o Entroido.





Outras actividades

As bibliotecas están abertas a todo tipo de actividades culturais: obradoiros, recitais, concertos, mesas redondas, conferencias...

Destacan as actividades puntuais para conmemorar as datas sinaladas cada ano no Calendario do Libro e a Lectura ou o mes da ciencia en galego nas bibliotecas.

Masterclass de DAVID BRAÑA,
escritor e guionista.
“COMO ESCRIBIR
O TEU PRIMEIRO GUIÓN”

Sábado, 11 de decembro as 12:15h. na 2ª planta,
Biblioteca Pública de Vigo
Juan Compañel

XUNTA DE GALICIA Xacobeo 21-22 biblioteca pública de vigo juan compañel

Luns, 07 de febreiro
19,00 horas Biblioteca Pública
Lugo

Exeria: a primeira peregrina

Unha produción galega que segue o roteiro de Exeria, fascinante figura do século IV, que peregrinou desde as calzadas romanas da Gallaecia ata os seus destinos de Terra Santa e Constantinopla, deixando testemuña escrita no seu *Itinerarium*.

Presentación documental

OBRADOIRO ISABEL ZENDAL

XUNTA DE GALICIA Xacobeo 21-22 biblioteca pública de coruña miguel gonzález garcés

OBRADOIRO PARA BOOKTUBERS

Obradoiro de iniciación
á creación de contidos en Youtube sobre literatura

23 de abril de 18.00 a 20.00 horas
na Biblioteca Pública de Pontevedra

Público: xuvenil a partir de 14 anos e adulto
Inscripción previa dende o día 23 de abril ás 11.00 na web:
<https://bibliotecas.xunta.gal/pontevedra/gi>

Biblioteca pública de Pontevedra
Antonio Calvo



2021. Investimento en actividades culturais por biblioteca	
Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés	23.996,74 €
Biblioteca Pública de Lugo	19.500,00 €
Biblioteca Pública de Ourense Nós	22.494,74 €
Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola	21.083,45 €
Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal	20.967,08 €
Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel	29.999,50 €
TOTAL	138.041,51 €

2021. Actividades realizadas por tipoloxía	
Actividades de animación á lectura para nenos	332
Visitas guiadas – Formación de usuarios	104
Mostras bibliográficas e exposicións	188
Clubs de lectura – <i>Núm. de clubs</i>	40
- <i>Núm. de sesións</i>	623
Cursos e conferencias	138
Outras actividades	59
TOTAL	861
Participantes (Estimado)	25.800

5. Mellora das coleccións bibliográficas

Mediante estas accións trátase de facilitar que as bibliotecas públicas de Galicia completen, renoven e melloren as súas coleccións bibliográficas, con especial atención aos fondos en galego.

Así mesmo, trátase de achegar aos usuarios recursos electrónicos que completen a colección física e promocionar e difundir a lectura dixital.

5.1. Subvencións a entidades locais para a mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas da súa titularidade

En 2021 a convocatoria destas axudas aprobouse mediante a *Orde do 23 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento CT235A)*. (DOG nº 14, do 22 de xaneiro de 2021).



Como en anos anteriores, con esta orde convocáronse dous programas de subvencións:

Programa A. Subvencións para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico

Ten como obxectivo o fomento e edición de libros publicados en galego, así como a promoción da lectura e a mellora das coleccións e dos servizos bibliotecarios, por ser a rede de bibliotecas públicas a destinataria dos exemplares.

Os fondos bibliográficos obxecto de subvención son incorporados á plataforma electrónica <https://novidadeseditoriais.xunta.gal> por parte das editoras. As entidades locais beneficiarias seleccionan nesta plataforma os títulos e o número de exemplares ata o límite do valor económico en libros que teña adxudicado.

2021. Novidades editoriais en galego	
Orzamento da convocatoria	200.000 €
Importe concedido	200.000 €
Importe xustificado	192.951,37€
Importe da subvención (por concello)	
<i>Menos de 2.000 habitantes</i>	387,65 €
<i>2.001 a 5.000 habitantes</i>	775,10 €
<i>5.001 a 10.000 habitantes</i>	1.162,75 €
<i>10.001 a 20.000 habitantes</i>	1.550,34 €
<i>20.001 a 30.000 habitantes</i>	1.937,78 €
<i>30.001 a 50.000 habitantes</i>	2.325,71 €
<i>Máis de 50.000 habitantes</i>	2.715,00 €
Concellos solicitantes	185
Concellos beneficiarios	183
<i>Beneficiarios A Coruña</i>	74
<i>Beneficiarios Lugo</i>	35
<i>Beneficiarios Ourense</i>	26
<i>Beneficiarios Pontevedra</i>	48
Concellos excluídos	2
Concellos que xustificaron a subvención	177
Editoriais dadas de alta na plataforma de novidades	53
Editoriais na plataforma que tiveron vendas	43
Publicacións dadas de alta na plataforma	485
Exemplares vendidos	12.962



Programa B. Subvencións para a mellora das coleccións bibliográficas

A súa finalidade é posibilitar a mellora dos fondos bibliográficos que configuran as coleccións das bibliotecas públicas municipais de Galicia, co obxecto de colaborar na súa actualización e mantemento e, deste xeito, dar cumprida resposta á demanda das persoas usuarias.



2021. Mellora das coleccións bibliográficas	
Orzamento da convocatoria	350.000 €
Importe concedido	350.000 €
Importe xustificado	329.798,70 €
Importe da subvención (por concello)	
<i>Menos de 2.000 habitantes</i>	863,80 €
<i>2.001 a 5.000 habitantes</i>	1.620,11 €
<i>5.001 a 10.000 habitantes</i>	2.160,87 €
<i>10.001 a 20.000 habitantes</i>	2.701,03 €
<i>20.001 a 30.000 habitantes</i>	3.241,88 €
<i>30.001 a 50.000 habitantes</i>	4.230,00 €
<i>Máis de 50.000 habitantes</i>	5.398,75 €
Concellos solicitantes	168
Concellos beneficiarios	164
<i>Beneficiarios A Coruña</i>	69
<i>Beneficiarios Lugo</i>	31
<i>Beneficiarios Ourense</i>	21
<i>Beneficiarios Pontevedra</i>	43
Concellos excluídos	4
Concellos que xustificaron a subvención	158



5.2 Mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas públicas xestionadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade

As bibliotecas públicas xestionadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade contan cun orzamento anual que ten por obxecto a actualización e mellora das coleccións, promovendo a entrada constante de materiais novos e a saída de materiais antigos para que sexan importantes para a comunidade e teñan un nivel aceptable de actualidade.

O orzamento destínase á adquisición de:

- **Novidades:** as bibliotecas completan os seus fondos coa compra de novidades que van aparecendo no mercado ao longo do ano. Este tipo de fondos deben incorporarse á colección da biblioteca de forma inmediata para atender a demanda dos usuarios.
- **Suxestións de compra:** as bibliotecas poñen a disposición dos seus usuarios a posibilidade de suxerir títulos que non se atopan entre os seus fondos.
- **Substitución de fondos por deterioro ou perda:** o servizo de préstamo bibliotecario é o máis demandado polos usuarios, o que fai que certo tipo de obras (material audiovisual, obras de ficción, novidades...) se deteriorenen rapidamente polo alto número de préstamos que soportan. Este tipo de fondos deben ser adquiridos novamente para manter a atención da demanda.



2021. Inversión en adquisición de fondos por biblioteca

Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés	44.092,33 €
Biblioteca Pública de Lugo	40.395,47 €
Biblioteca Pública de Ourense Nós	42.892,10 €
Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola	39.599,35 €
Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal	39.588,02 €
Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel	56.599,47 €
TOTAL	263.166,74 €



5.3. Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e o Concello de Ferrol para a xestión da Biblioteca Municipal Central

A través deste convenio establécense as condicións para a mellora dos servizos bibliotecarios que presta a Biblioteca Municipal Central de Ferrol mediante o financiamento da actualización e diversificación da súa colección bibliográfica e documental e das actividades de dinamización bibliotecaria e documental.

O importe do convenio foi de 30.000 €, coa seguinte distribución:

O Concello de Ferrol achegou 18.000 € para as seguintes finalidades:

- 11.000 € destinados á mellora das coleccións.
- 7.000 € para a mellora do equipamento da biblioteca.

A consellería achegou 12.000 € para a mellora da colección e a realización de actividades de dinamización bibliotecaria e cultural.

A execución final do convenio foi a seguinte:

2021. Convenio Biblioteca Municipal Central de Ferrol	
Mellora das coleccións	21.936,58 €
Actividades culturais e de dinamización	4.947,11 €
Equipamento	6.995,64 €
TOTAL	33.879,33 €

5.4. Adquisición de fondos para o Club de Lectura de Galicia

O Club de Lectura de Galicia é un servizo de apoio e coordinación aos clubs de lectura existentes nas bibliotecas públicas galegas a través do que se proporcionan os fondos para o seu desenvolvemento.

Deste xeito configúrase unha verdadeira rede comunitaria de fondos accesibles para clubs de lectura da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.

Co fin de aumentar a colección destinada a este programa adquiríronse novos títulos en atención ás demandas dos clubs, incorporando libros en diversos idiomas, de narrativa, teatro, poesía, banda deseñada e libros de lectura fácil. De cada título adquirense 21 exemplares, co fin de atender o número de participantes habitual nestas actividades, e depositanse na Biblioteca de Galicia ata que son solicitados por algún dos clubs.



2021. Club de Lectura de Galicia. Fondos adquiridos

Fondos incorporados 2021	Títulos	Exemplares
Castelán	19	399
Castelán / Banda deseñada	4	60
Francés	5	105
Galego	28	552
Inglés	4	84
Portugués	3	63
TOTAL	63	1.263
Orzamento	23.200 €	

2021. Club de Lectura de Galicia. Colección dispoñible por idioma

Lingua	Títulos	Exemplares
Alemán	9	200
Castelán	857	17.719
Francés	87	1.727
Galego	301	5.939
Inglés	107	2.554
Italiano	34	699
Portugués	79	1.405
TOTAL	1.474	30.243

2021. Club de Lectura. Usos

Bibliotecas que solicitaron libros para clubs de lectura	69
Exemplares prestados	5.197





5.5. Lote fundacional da Biblioteca Pública Municipal de Cenlle

En 2021 procedeuse a dotar cun lote fundacional a nova Biblioteca Pública Municipal de Cenlle, en cumprimento do disposto no artigo 33 do Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas, segundo o cal, en caso de acordarse a creación dunha nova biblioteca municipal ou axencia de lectura coa colaboración da consellería competente en materia de cultura, esta dotará a biblioteca dun lote fundacional de libros, composto polo menos polas obras de referencia, préstamo a domicilio e infantís e xuvenís suficientes como para poñer en marcha os correspondentes servizos do centro. Este lote non deberá ser inferior aos 1.500 títulos e o número de títulos en galego non deberá ser inferior aos 500.

2021. Lote fundacional Biblioteca Pública Municipal de Cenlle	
	Núm. de títulos
Castelán ficción	399
Castelán non ficción	165
Galego ficción	600
Galego non ficción	60
Cómic	113
Infantil ficción	164
Lectura fácil	44
TOTAL	1.545
Orzamento	22.829,50 €

6. GaliciaLe. Plataforma de préstamo en liña

GaliciaLe é a plataforma de préstamo en liña do libro electrónico das bibliotecas públicas galegas, a cargo da Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Cultura. Nesta plataforma, en colaboración co Ministerio de Cultura y Deporte, ponse á disposición de toda a cidadanía galega unha importante colección de títulos de libros electrónicos, en castelán e galego, así como revistas, audiolibros e audiovisuais.

Está dispoñible para todas as persoas que dispoñan do carné de lector dalgunha das bibliotecas públicas da Rede.





6.1. GaliciaLe

Colección

2021. GaliciaLe. Núm. de títulos por formato	
Libros electrónicos	7.478
Revistas	146
Películas	357
Audiolibros	439
Libros interactivos	1
Banco de datos	1
TOTAL	8.422

2021. GaliciaLe. Núm. de títulos por catálogo	
Catálogo galego	1.705
Catálogo en castelán	6.717
TOTAL	8.422

2021. GaliciaLe. Núm. de títulos por idioma	
Castelán	6.431
Galego	1.690
Catalán	184
Inglés	74
Outras linguas (éuscaro, italiano, portugués, francés)	43
TOTAL	8.422

2021. GaliciaLe. Núm. de títulos por público destinatario	
Adultos	5.931
Infantil e xuvenil	2.491
TOTAL	8.422



Uso da colección

2021. GaliciaLe. Préstamos	
Catálogo en castelán (eBiblio Galicia)	101.648
Catálogo galego	16.802
TOTAL	118.450

2021. GaliciaLe. Usuarios activos	
Catálogo en castelán (eBiblio Galicia)	8.143
Catálogo galego	4.725

Investimento da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

2021. GaliciaLe. Investimento			
	Renovacións	Novidades	Total
Catálogo en castelán (eBiblio Galicia)	1.504,64 €	56.956,83 €	58.461,47€
Catálogo galego	50.893,09 €	74.119,13 €	125.012,22 €
TOTAL	52.397,73 €	131.075,96 €	183.473,69 €

2021. GaliciaLe. Títulos adquiridos			
	Renovacións	Novidades	Total
Catálogo en castelán (eBiblio Galicia)	78	358	1.259
Catálogo galego	423	842	284
TOTAL	501	1.200	1.543





6.2. Recursos electrónicos en rede

En 2021 renovouse a subscrición a distintos recursos electrónicos, orientados tanto ao público en xeral como ao servizo do persoal bibliotecario:



Banco de Contidos de AulaPlaneta: o maior banco de contidos dixitais en lingua española, constitúe un recurso dirixido tanto ao público adulto como ao infantil e xuvenil, que conta con innumerables materiais de consulta de todas as áreas do coñecemento. Este recurso está dispoñible e accesible en GaliciaLe para os usuarios da Rede de Bibliotecas de Galicia.



CDU Online: versión actualizada e completa do sistema de Clasificación Decimal Universal (CDU). É unha ferramenta indispensable para todas as bibliotecas, que facilita o traballo de catalogación ao persoal técnico dado que conta cunha serie de utilidades que serven para facilitar a busca, a navegación, a análise, a validación, a presentación e a construción dos números da CDU. A CDU en liña está sempre actualizada e posta ao día coa última versión oficial.

EPI: El profesional de la información: revista sobre comunicación, información, indicadores, bibliotecas e tecnoloxías da información.

2021. Recursos electrónicos. Inversión	
Banco de Contidos de AulaPlaneta	12.100 €
EPI. El profesional de la información	958,62 €
CDU Online	5.405,85 €
Orzamento anual:	18.464,47 €



7. Adecuación de infraestruturas e equipamentos

7.1 Investimentos en equipamentos, reparacións e melloras nas infraestruturas nas bibliotecas públicas xestionadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

O obxectivo desta actuación é mellorar as condicións destas bibliotecas favorecendo a súa usabilidade, a accesibilidade, a seguridade para persoas traballadoras e usuarias e a sustentabilidade ambiental.

2021. Equipamento e mellora das infraestruturas. Investimento por biblioteca				
	Obras	Informes	Equipamento e mobiliario	Total
Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés	3.990,35 €	8.988,30 €	10.362,21€	23.340,86 €
Biblioteca Pública de Lugo		7.260,00 €	3.683,97 €	10.943,97 €
Biblioteca Pública de Ourense Nós	2.030,38 €	7.022,84 €	7.169,19 €	16.222,41 €
Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola	23.999,96 €	9.919,58 €	55.918,99 €	89.838,53 €
Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal	11.462,83 €	6.279,90 €	5.381,80 €	23.124,53 €
Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel			6.569,09 €	6.569,09 €
TOTAL	41.483,52 €	39.470,62 €	89.085,25 €	170.039,39 €

Cómpre sinalar que no investimento en equipamento e mobiliario da Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola está comprendido o contrato para a adquisición de armarios compactos, que malia que se formalizou en 2020, foi efectivamente executado en 2021, por importe de 48.279 €.

Por outro lado, no ano 2021 licitouse un contrato para a reforma interior desta mesma biblioteca, que non puido executarse debido á demora na obtención da licenza urbanística, polo que será executada en 2022. O seu importe é de 12.565,60€.

No apartado de "informes" recóllese a execución de diversos estudos e informes dirixidos a mellorar a eficiencia enerxética, condicións de uso e seguridade das edificacións. Comprende a realización dun informe técnico para a diagnose de humidades en tres das bibliotecas (A Coruña, Pontevedra e Santiago), un estudo lumínico para a Biblioteca Pública de Pontevedra e o Plan de autoprotección en todas as bibliotecas agás a de Vigo.



7.2 Investimentos en bibliotecas públicas municipais

Os investimentos nas bibliotecas públicas municipais foron obxecto de atención por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade mediante a *Orde do 31 de maio de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento CT211B)* (DOG núm. 113, do 16.06.2021).

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da convocatoria desta liña de axudas, pretende continuar co labor de mellorar a infraestrutura dos equipamentos culturais co fin de dotar dos medios necesarios para que as entidades locais poidan executar os seus programas culturais, así como contar coas oportunas infraestruturas que lles permitan a adecuada realización das actividades culturais que promovan, garantindo o servizo público que prestan á cidadanía.

Son subvencionables as actuacións relativas ao equipamento e moblaxe de locais; a realización de obras de reforma, ampliación, modernización ou mellora de inmobles, así como a adquisición de materiais técnicos vinculados ao desenvolvemento da programación cultural do local, en concreto, entre outros, os investimentos en bibliotecas ou axencias de lectura pública municipais.



2021. Equipamento e mellora de instalacións das bibliotecas públicas municipais.

Orzamento da convocatoria	500.000 €
Importe concedido (total)	481.265,22 €
Importe concedido (bibliotecas)	251.751,54 €
Importe xustificado (bibliotecas)	227.469,35 €
Concellos beneficiarios (total)	40
Concellos solicitantes (bibliotecas)	34
Concellos beneficiarios (bibliotecas)	23
Concellos que xustificaron a subvención	22



8. Informatización

8.1. Sistema de xestión do catálogo da Rede

A finais de 2021 había un total de 290 bibliotecas integradas no Sistema de xestión do catálogo da Rede de Bibliotecas de Galicia .

2021. Sistema de xestión do catálogo. Bibliotecas integradas	
Biblioteca de Galicia	1
Bibliotecas públicas xestionadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade	6
Bibliotecas Públicas municipais	265
Bibliotecas especializadas	22

8.2. Formación no sistema de xestión

En 2021 púxose a disposición de todas as persoas interesadas unha serie de videotutoriais formativos co obxectivo de axudar ao persoal bibliotecario no manexo do Catálogo da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia. Están especialmente enfocados ás bibliotecas integradas recentemente e ás que se integrarán proximamente, pero, á vez, son de utilidade como repaso para calquera outra biblioteca. Neles expónse como realizar as funcións principais dunha biblioteca no sistema de xestión bibliotecaria da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia (programa Koha), e transmite os procedementos adoptados pola rede.

A información está dividida en catro grandes temas: introdución, tratamento dos documentos, tratamento dos usuarios e xestións no catálogo, e está dispoñible na web da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia rbgalicia.xunta.gal no apartado: Recursos para profesionais > Manual de uso do catálogo para profesionais.

9. Formación

9.1. Cursos de formación para o persoal da Rede de Bibliotecas de Galicia

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Cultura, no marco competencial de mellora e modernización da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, asume a súa función de formación dos profesionais que desempeñan





as súas tarefas nos centros da Rede organizando cursos de formación en materia de bibliotecas, que achega temas de interese tratados por expertos de recoñecido prestixio.

En 2021 desenvolvéronse 6 cursos de formación organizados e executados integramente pola dita secretaría xeral e outros 2 realizados en colaboración coa EGAP.

2021. Formación. Cursos organizados pola Secretaría Xeral de Cultura. En liña

	Datas	Horas
Ferramentas para realizar actividades en liña na biblioteca	4 a 31 maio	30
Creación e dinamización de Clubs de lectura fácil	2 a 9 xuño	15
A recensión literaria como unha invitación á lectura	7 a 28 xuño	30
Catalogación básica en formato MARC 21	7 a 27 setembro	30
Os novos recunchos da biblioteca. Lectura, tecnoloxía e arte	15 setembro a 13 outubro	30
Accesibilidade na biblioteca pública	1 a 15 outubro	20

2021. Formación. Cursos organizados en colaboración coa EGAP. Presenciais

	Datas	Horas
A expurgación na colección das bibliotecas	4 e 5 outubro	12
Axenda 2030 e bibliotecas: oportunidades e retos	29 e 30 novembro	15

2021. Formación. Prazas convocadas e solicitudes.

	Prazas	Solicitudes
Cursos Secretaría Xeral de Cultura	150	184
Cursos en colaboración coa EGAP	50	144
TOTAL	200	328

2021. Formación. Inversión.

Cursos Secretaría Xeral de Cultura	10.425 €
Cursos en colaboración coa EGAP	2.342 €
TOTAL	12.767 €



9.2. Bolsas de formación en biblioteconomía

A Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro, consciente de que un dos elementos fundamentais no funcionamento das bibliotecas é a cualificación e preparación técnica dos seus responsables, potencia a formación inicial do persoal bibliotecario coa realización de prácticas en bibliotecas que permitan non só a formación nas diversas áreas destes centros, senón tamén o contacto diario e directo dos beneficiarios, durante un tempo suficiente, cos problemas e demandas reais dunha biblioteca ou centro de documentación, debidamente guiados por persoas con coñecementos e experiencia abondo, como medio de promoción profesional.

En 2020 adxudicáronse 33 bolsas de formación en biblioteconomía ao abeiro da *Orde do 7 de xaneiro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan bolsas de formación en biblioteconomía mediante a formación apoiada por titores en diversos centros bibliotecarios*.(DOG núm 27 do 10 de febreiro de 2020).

Segundo o establecido no artigo 2.2 desta orde, as bolsas de formación, cunha duración inicial máxima de sete meses, poderán ser prorrogadas dependendo do informe favorable do titor responsable e mais da existencia de crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

Deste xeito, e en virtude da dita prórroga, estas bolsas mantiveron a súa vixencia desde o 1 de xaneiro ata o 31 de xullo de 2021.

2021. Bolsas de formación en biblioteconomía. Distribución por biblioteca

Biblioteca de Galicia	8
Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés	4
Biblioteca Pública de Lugo	4
Biblioteca Pública de Ourense Nós	4
Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola	4
Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal	4
Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel	4
Biblioteca Municipal Central de Ferrol	1

2021. Bolsas de formación en biblioteconomía. Orzamento

Importe mensual das bolsas	978,41 €
Orzamento total	217.055,30 €
Importe bolsas	205.820,07 €
Importe Seguridade Social	11.235,23 €



10. III Xornada de bibliotecas públicas de Galicia

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Cultura, convocou a III Xornada de Bibliotecas Públicas de Galicia, baixo o lema A Biblioteca Social.

Esta actividade tivo lugar no Auditorio Neira Vilas da Biblioteca de Galicia (Cidade da Cultura en Santiago de Compostela) o 25 de outubro de 2021, coincidindo coa celebración do Día das Bibliotecas. Para facilitar o seu seguemento por todas as persoas interesadas, tamén se retransmitiu en directo a través da canle da Cidade da Cultura en youtube.



Contidos

Logo de que, en 2019, a II Xornada de bibliotecas públicas de Galicia se centrara nas bibliotecas inclusivas, poñendo a atención sobre a accesibilidade e a atención ás persoas con discapacidade, nesta edición tratouse de completar esta mirada á función integradora das bibliotecas baixo a perspectiva do seu papel para a integración e cohesión social, facilitando a participación cidadá e a solidariedade.

Con este obxectivo, as intervencións puxeron o foco nas seguintes áreas:

- A biblioteca inclusiva e integradora.
Tratouse de visibilizar a capacidade da biblioteca para funcionar como centro integrador, mediante a prestación de servizos e a posta en marcha de programas orientados a persoas desfavorecidas, pertencentes a minorías ou con dificultades de integración social.
- A biblioteca como espazo de relación interxeracional.
As condicións de vida actuais non favorecen a convivencia entre distintas xeracións, e as persoas maiores corren o risco do empobrecemento das súas relacións e de illamento. As bibliotecas poden contribuír a reducir esta separación a través de espazos e actividades que favorezan o intercambio e a convivencia.
- A biblioteca aberta e participativa.



A biblioteca pode erixirse en centro cultural e social de referencia na comunidade, a través da relación, cooperación e coordinación con outros centros e institucións activos na contorna. Ao mesmo tempo, pode contribuír á construción dunha sociedade máis madura, consciente e integradora facilitando a participación cidadá e a consolidación de relacións sociais positivas, a través da colaboración con diversos colectivos e institucións.

O programa contou co relatorio “A biblioteca solidaria” a cargo de David Martínez Ayllón, coordinador do programa co mesmo nome que se desenvolve na rede de bibliotecas públicas de Castilla – La Mancha desde o ano 2009.

3ª XORNADA DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA

A BIBLIOTECA SOCIAL

XUNTA DE GALICIA

Acciones y materiales de promoción lectora para la inclusión.

- 2014 Premio Buenas Prácticas en lectura Fácil
- 2015 Cuenca, III Encuentro de L/F
- 2016 Red de Lectura Fácil Encuentros de Lecturas Inclusivas
- 2017 Proyecto Lanzadera LectioFácil Pasantías Iberbibliotecas
- 2020 Covid19INTeRMEDIA Ayudas Iberbibliotecas

Biblioteca Solidaria

A continuación tiveron lugar dúas mesas de experiencias nas que participaron diversas bibliotecas galegas e doutras comunidades autónomas, e tamén representantes doutras entidades que achegaron a súa visión e propostas para a actuación das bibliotecas neste ámbito.

- Mesa 1: A biblioteca participativa e aberta a todas as idades. Interviwéron:
 - Antonio Díaz Grau. Biblioteca Pública de San Javier (Murcia)
 - Ana Isabel Alonso López. Biblioteca Pública Enrique Rivera Rouco das Pontes de García Rodríguez (A Coruña)
 - Mónica Carballo Quiroga. Biblioteca Pública do Saviñao (Lugo). Colectivo Lemos Le.
 - Francisco Montoto Veira. Centro Interxeneracional de Ourense.



- Mesa 2. A biblioteca inclusiva e integradora. Participantes:
 - Juan Sobrino García. Biblioteca Pública de Soto del Real (Madrid)
 - Mar García Pérez. Biblioteca Pública Xosé Neira Vilas de Vigo (Pontevedra)
 - Vicente Rodríguez Justo. Biblioteca Pública de Verín (Ourense)
 - Santiago González Avión. Asociación Diversidades



A Xornada pechouse coa entrega do Premio á Innovación Bibliotecaria de Galicia 2021, que recaeu na Biblioteca Pública Municipal Xela Arias de Chapela (Redondela).



11. Premio á innovación bibliotecaria de Galicia

A convocatoria 2021 deste premio aprobouse por *Orde do 14 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases do premio á innovación bibliotecaria de Galicia e se convoca para o ano 2021 (código de procedemento CT237A)* (DOG núm. 123, do 30 de xuño de 2021).

Este premio, dotado con 3.000 €, ten como obxectivo impulsar e visibilizar os proxectos e boas prácticas innovadoras levadas a cabo polas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas municipais de Galicia, que busquen resultados positivos para a persoa usuaria e que sexan pertinentes e adecuados ao contexto local onde se implantan.

Vai dirixido a todas as entidades locais ou agrupacións de concellos de Galicia que sexan titulares de bibliotecas públicas ou axencias de lectura pública integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia.

Nesta edición presentáronse 7 proxectos candidatos ao premio:

- *No rural tamén nos gusta ler!!!*, Biblioteca Pública Municipal de Bande.
- *A biblio na rede*, Rede de Bibliotecas Municipais de Carballo.
- *Rescatando a Biblioteca Municipal do Porriño*, Biblioteca Pública Municipal do Porriño.
- *Unha biblioteca para Xela*, Biblioteca Pública Municipal Xela Arias de Chapela (Redondela).



- *Viaxa coa lectura da man do voluntariado do Corpo Europeo de Solidaridade: PFL Ribeiro*, Biblioteca Pública Municipal de Ribadavía.
- *Bibliofogar*, Biblioteca Pública Municipal de Sotomaior.
- *Voluntariado cultural*, Biblioteca Pública Municipal de Verín.

O Premio á Innovación Bibliotecaria de Galicia 2021 recaeu no proxecto *Unha biblioteca para Xela*, da Biblioteca Pública Municipal Xela Arias de Chapela (Redondela).



A comisión de valoración destacou o valor deste proxecto pola oportunidade de propoñer unha programación de difusión da obra e da figura da escritora Xela Arias, homenaxeada este ano nas Letras Galegas, ao tempo que se dá a coñecer a biblioteca pública municipal de Redondela que leva o seu nome.

Utilizando a radio como base, os medios audiovisuais e as redes sociais, a biblioteca desenvolveu un proxecto innovador que posibilita un maior alcance e repercusión social das actividades desenvolvidas.

Valórase a capacidade para coordinar un proxecto moi completo, coherente e ambicioso, ben executado, que implica a distintos sectores sociais, culturais e empresariais, mesmo a familia da homenaxeada.

Tamén destacou a importante repercusión que tivo na poboación, o seu impacto no uso bibliotecario e na difusión aos medios, así como a impecable e completa presentación do proxecto.



En definitiva, é un proxecto que conxuga innovación e excelencia na súa concepción, nos recursos innovadores utilizados e no esforzo na súa difusión.

Tamén se acordou facer unha mención especial ao proxecto presentado pola Biblioteca Pública Municipal de Ribadavía *Viaxa coa lectura da man do voluntariado do Corpo Europeo de Solidaridade: PFL Ribeiro*, polo inmenso traballo, esforzo, dedicación e profesionalidade da bibliotecaria que, cos recursos ao seu alcance, conseguiu elaborar un proxecto orixinal e moi atractivo, cun obxectivo claro de fomentar a lectura e a curiosidade, creando materiais e recursos novos, coherentes e moi atractivos, establecendo complicitades con colectivos e institucións diferentes e achegándose a toda a comarca.



O acto de entrega do galardón tivo lugar o 25 de outubro durante a celebración da III Xornada de Bibliotecas Públicas de Galicia.



12. Outras actuacións. Calendario do libro e da lectura

CALENDARIO DO LIBRO E DA LECTURA DE GALICIA

XANEIRO
11 Día do usuario/a das bibliotecas
30 Día da ilustración.
Nacemento de Castelao

FEBREIRO
21 Día da lingua materna
24 Nacemento de Rosalía de Castro

MARZO
20 Día da narración oral
21 Día da poesía
27 Día do teatro

ABRIL
1 Día das artes galegas
2 Día do libro infantil e xuvenil
23 Día do libro
26 Día da propiedade intelectual

MAIO
1 Día do cómic
12 Centenario do pasamento
de Emilia Pardo Bazán
17 Día das letras galegas
18 Día dos museos

Illustration: Benigno - Espinosa Legal, C. 2020

2021

Xacobeo 2021

XUÑO
9 Día dos arquivos

XULLO
26 Día da comprensión lectora

SETEMBRO
8 Día da alfabetización
26 Día europeo das linguas
30 Día da tradución

OUTUBRO
18 Día das escritoras
24 Día das bibliotecas

NOVEMBRO
Mes da ciencia en galego
nas bibliotecas
3 Día do lector/a.
Nacemento de
Xosé Neira Vilas
12 Día das librerías

DECEMBRO
17 Día da edición.
Nacemento de Ánxel Casal

cultura.gal
rbgaticia.xunta.gal
galicia.gal

Xacobeo 2021

galicia

XUNTA
DE GALICIA

A Secretaría Xeral de Cultura recolle cada ano as efemérides máis destacadas relativas á lectura, o libro e as bibliotecas, e edita e distribúe un cartel para darlles difusión. Os centros bibliotecarios de xestión autonómica conmemoraron estas datas cunha ampla oferta de actividades dirixida a diferentes públicos. A programación pode consultarse nas páxinas web de cada biblioteca e en cultura.gal.

A continuación recóllense as actividades das datas máis destacadas no calendario.



Día do usuario/a das bibliotecas

O 11 de xaneiro as bibliotecas públicas xestionadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade programaron diversas iniciativas co fin de dar a coñecer as bibliotecas e agasallar os seus usuarios e usuarias que son máis que nunca protagonistas: visitas guiadas, regalo de libros e materiais, nomeamento de socio/a de honra, sorteos...

Total de actividades realizadas nas bibliotecas: 26

Día da ilustración

O Día da Ilustración, que forma parte do Calendario do libro e da lectura de Galicia desde o ano 2014, celébrase o 30 de xaneiro que toma como data de referencia a do nacemento de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.


O Día da Ilustración 2021 homenaxeou a María Dolores Díaz Baliño (A Coruña, 1905 – 1963), máis coñecida como Lolita Díaz Baliño. Fotógrafa, pintora, ilustradora e profesora, foi a primeira muller membro da Real Academia de Belas Artes (o 13 de febreiro de 1938) xunto con Carmen Corredoyra. A súa obra, de influencia folclorista, centrouse na representación do universo feminino, mantendo os estilos comúns aos seus coetáneos.

A Biblioteca de Galicia organizou unha exposición para lembrar a persoa homenaxeada, este ano tivo por título: *Lolita Díaz Baliño: a discreción imposta dunha grande artista*.





En colaboración coa Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI) a Consellería de Cultura, Educación e Universidade edita un cartel conmemorativo da data que cada ano diseña un ou unha profesional galega da ilustración e no que se presentan as actividades que realizan as bibliotecas públicas xestionadas pola Consellería. No 2021 o cartel foi elaborado por Manel Cráneo, artista multimedia e interdisciplinario que combina os seus traballos no contexto do "fanzine" coa banda deseñada, así como coa ilustración tradicional e máis transgresora. A súa obra foi exposta en diferentes mostras, tanto en España e Portugal, coma en Francia e Cuba. Destaca, en particular, o Premio Nacional de Cómic sobre a ilustración da obra titulada "Vida y obra de García Lorca".



Total de actividades realizadas nas bibliotecas de xestión autonómica: 15



Centenario do pasamento de Emilia Pardo Bazán

O mércores día 12 de maio de 2021 cumpríronse 100 do pasamento de Emilia Pardo Bazán. Con este motivo, A Biblioteca de Galicia contou cunha exposición coa que se puxo en valor a obra desta autora seleccionando unha escolma bibliográfica das obras máis senlleiras e representativas desta escritora universal.

Ademais, as bibliotecas de Xestión autonómica levaron a cabo obradoiros, conversas, mostras e exposicións coas que se afondou na biografía, na obra e no pensamento de Pardo Bazán.

Total de actividades realizadas nas bibliotecas de xestión autonómica: 14



≡ 100 anos despois:
Emilia Pardo Bazán

Día do Libro



A efeméride do Día do Libro, que se celebra o 23 de abril, quixo recoñecer este ano o permanente valor dos libros, posto especialmente de relevo en tempos complicados como os que obrigou a vivir a pandemia do Covid-19.

Todas as bibliotecas celebraron esta efeméride cun gran e variado repertorio de actividades entre as que destacan presentacións, conferencias, mostras, obradoiros e contacontos, pero tamén visitas guiadas, agasallos, sorteos e certames cos que facer que o público participe da biblioteca.

Total de actividades realizadas nas bibliotecas de xestión autonómica: 29



Día das Letras Galegas

O 17 de maio, Día das Letras Galegas, estivo dedicado en 2021 á poeta, editora e tradutora Xela Arias.



Todas as bibliotecas de Xestión económica recibiron a mostra conmemorativa "Asinamos ser libres", que fai un repaso por todas as vertentes profesionais da autora difundindo detalles da súa vida, obra e contexto histórico no que viviu.



Ademais, programáronse numerosos actos centrados nesta autora e tamén outras actividades coas que se promoveu a lingua e a literatura galegas.

Total de actividades realizadas nas bibliotecas de xestión autonómica: 24



Día da biblioteca



O 24 de outubro celebrouse o Día da Biblioteca.

Na Rede de bibliotecas públicas de Galicia son moitas as actividades que se organizan para celebrar este día, e as bibliotecas públicas xestionadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade desenvolveron ao longo de toda a semana unha extensa programación.

Total de actividades realizadas nas bibliotecas públicas de xestión autonómica: 28

Novembro mes da ciencia en galego nas bibliotecas



Con motivo do Día Mundial da Ciencia, que se celebra o 10 de novembro, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade pon en marcha o "Mes da ciencia en galego nas bibliotecas".



A científica Amparo Alonso Betanzos foi a encargada este ano de elaborar un manifesto, baixo o título "A felicidade de aprender". Amparo Alonso é enxeñeira química, investigadora en intelixencia artificial, presidenta da Asociación Española de Inteligencia Artificial (AEPIA) e Catedrática de Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial da Universidade da Coruña.

Durante todo o mes de novembro, as bibliotecas públicas de xestión autonómica e a Biblioteca de Galicia levaron a cabo un total de 36 actividades entre obradoiros, contacontos, espectáculos, mostras bibliográficas e charlas co denominador común da divulgación científica e o obxectivo de achegar a ciencia a pequenos e maiores.



13. A Rede de Bibliotecas públicas de Galicia e o Covid19

Logo dun ano no que se sucederon confinamentos, suspensión de servizos, restrición de aforos e medidas excepcionais de hixiene e desinfección, o 2021 foi o ano da progresiva volta á normalidade nas bibliotecas.

Se xa desde xuño de 2020 as medidas sanitarias para a nova normalidade deixaron de contemplar a necesidade do depósito temporal de libros despois de cada uso, ao longo de 2021 fóronse ampliando os aforos nas salas de lectura e nas actividades presenciais, que quedaron establecidos no 100% desde o 22 de outubro. Tamén desde esa data recuperouse o horario habitual nas bibliotecas de xestión autonómica, ao suprimirse a necesidade de pechar ao mediodía para realizar unha limpeza adicional de todos os espazos e superficies. A 31 de decembro, a única medida que se mantiña vixente era o uso obrigatorio de máscaras, así como a distancia interpersoal de seguridade.